



## *Lex orandi, lex credendi:* O caso da oración de petición

---

Andrés Torres Queiruga

A famosa frase do título complétase cunha fonda e fecunda reciprocidade: *Lex orandi, lex credendi; lex credendi, lex orandi*: «a norma da oración é norma da fe; a norma da fe é norma da oración». A primeira parte apunta primariamente á oración pública e litúrxica; a segunda convida á súa fundamentación teolóxica.

### 1.- A renovación da linguaxe litúrxica

Compréndese que a renovación da liturxia, proclamada e urxida polo concilio Vaticano II, se estea convertendo nunha das grandes preocupacións para intento fiel de continuar o nel iniciado. O anuncio comunitario e solemne ante Deus vai imprimindo na imaxinación dos crentes e fomentando na súa conciencia e na súa conduta a asimilación das grandes verdades, desexos e actitudes que se nos revelaron no Evanxeo. Na súa gran parte veñen da tradición e traen consigo o froito dos grandes mestres da oración e da teoloxía, que as foron inspirando ao longo de moitos séculos, xa máis de milenio e medio. Constitúen por iso unha herdanza que necesita ser conservada e aproveitada.

Pero esa herdanza chega de tempos moi alongados e dunha cultura que, coa entrada da Modernidade, experimentou un cambio tan radical, que conmoveu coma un gran terremoto os alicerces de todos os ámbitos culturais. Transformounos de maneira radical: desde o científico ao filosófico e, como non, tamén ao relixioso e á súa interpretación teolóxica.